

Elvira Riveiro Tobío (Cerponzóns, Pontevedra, 1971)

Antes de comezar a difundir a súa obra, fundamentalmente na Internet, estudou Maxisterio en Pontevedra e Filloxía Galego-Portuguesa en Compostela. En 2005 publicou, por primeira vez en papel, dous libros de poesía: *Andar ao leu* e *Arxilosa*. Neste último inclúense os poemas gañadores do **XVII Premio Rosalía de Castro** de Cornellà (Barcelona). En 2008 saíu *Palabras brancas*, un volume de poemas monvocálicos ilustrados polo artista Fino Lorenzo que foi **finalista do Premio Merlín** de literatura infantil e mereceu o **Premio Xosé Neira Vilas** ao libro infantil e xuvenil do ano. Parte da súa obra está recollida en numerosas revistas, páxinas web, libros colectivos e antoloxías, como *Das sonoras cordas. 15 poetas desde Galicia* (2005) ou *Erato bajo la piel del deseo* (2010) antoloxía de poesía erótica en catalá, galego e castelán. A asociación Redes Escarlata e a docencia ligárona á tamén escritora e lingüista Silvia Penas; con ela escribiu *Biografía da multitude*, **Premio de Poesía Victoriano Taibo** 2009, publicado polo IEM. En 2010 a revista Grial publica no seu número 186 o poemario *Sibeira, mon amour*, un conxunto de oito textos arredor do exilio, o (des)amor e o regreso. En marzo e xullo de 2011 presenta na Coruña e en Vigo a súa primeira incursión na videopoesía: *A máis fermosa do país*, un traballo feito en colaboración coas artistas Carina Posse e Sara Riveiro que se pode ver na rede. Sempre que pode, dedícase ao ensino da lingua e da literatura galega e ultimamente participa nos espectáculos polipoéticos d' *A hostia en verso* e imparte obradoiros de creación literaria para crianzas e adultos. Vén de recibir o **Premio de poesía erótica Illas Sisargas**, que convocan a Asociación Caldeirón e o Concello de Malpica, por un conxunto de textos presentados baixo o título de *Carnia haikai*.

Teléfono de Contacto: 699 395 229